

RESOLUCIÓN
SOBRE ADXUDICACION DE EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO MEDIANTE POXA

En San Sadurniño, a seis de xullo de dous mil doce.

Visto o expediente incoado para o alleamento mediante poxa do inmovible de titularidade municipal coñecido como "Casa do Médico", no que se recollen as actuacións realizadas ata a data, incluíndo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data do 21/06/12, proponendo a adxudicación en favor do proponente que asinou a mellor oferta, D. Pablo Barro Sabín.

Visto o requerimento formulado ó referido proponente para a presentación da documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, antes de que polo órgano de contratación se proceda á adxudicación do contrato, segundo o indicado na cláusula 10ª do prego de condicións para esta licitación.

Visto que con data de hoxe, o Sr. Barro Sabín presentou a referida documentación, que se considera conforme, vistas as bases da convocatoria de que se trata e a lexislación aplicable ó asunto, e informado en relación co mesmo polo Secretario-Interventor do Concello, mediante o presente

RESOLVO:

1º.- Adxudicar a Pablo Barro Sabín o inmovible de titularidade municipal coñecido como "Casa do Médico", polo prezo de SESENTA E UN MIL UN (61.001) Euros, por ter suscrita a oferta económica máis alta das presentadas á poxa convocada por este Concello, segundo o indicado nos acordos oportunamente adoptados e no prego de condicións polo que se rixe a contratación, no que se indican tamén as características detalladas do ben inmovible de que se trata.

2º.- Ordear a notificación en legal forma do contido da presente Resolución ós candidatos que presentaron ofertas, a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no perfil do contratante deste Concello e que se dea conta tamén á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

3º.- Indicar que, segundo o establecido nas cláusulas 11ª e 12ª do referido prego de condicións, o pago realizarase previa ou simultaneamente á sinatura do contrato administrativo de compravenda, mediante transferencia bancaria á conta corrente de titularidade municipal que se indicará na notificación da adxudicación, e que deberase producir a formalización do contrato en escritura pública, a costa do adxudicatario.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Secundino García Casal, en San Sadurniño, na data arriba indicada, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Secundino García Casal.



Ante mín,
SECRETARIO

Asdo. Miguel A. Arroyo Moreno.

